



ACTA XUNTA DE GOBERNO
SESIÓN ORDINARIA DE CATRO DE OUTUBRO DE DOUS MIL DEZANOVE
(ACTA NÚMERO 46)

Presidente:

D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón

Sres. Deputados:

D^a. M^a. del Pilar García Porto

D. Pablo Rivera Capón

D. Roberto Fernández Rico

D^a. José Luis Raposo Magdalena

D^a. Mónica Freire Rancaño

Secretaria:

D^a. María Esther Álvarez Martínez

Interventor:

D. Manuel Roel Hernández-Serrano

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas do día **catro de outubro de dous mil dezanove** baixo a Presidencia da Sra. Vicepresidenta D^a. Tareixa Antía Ferreiro Tallón, por ausencia do titular do cargo, Ilmo. Sr. D. José Tomé Roca, reúnen as señoras e señores Deputados na marxe relacionados, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretaria D^a. María Esther Álvarez Martínez, e asiste como Interventor D. Manuel Roel Hernández-Serrano, Interventor Adxunto.

Non asisten o Ilmo. Sr. Presidente D. José Tomé Roca e os señores Deputados D^a Mayra García Bermúdez e D. Xosé María Arias Fernández.

1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE E SETE DE SETEMBRO DE DOUS MIL DEZANOVE.

Por parte do Sr. Presidente pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte e sete de setembro de dous mil dezanove, que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

2.- PROPOSTA EN RELACIÓN CO EXPEDIENTE TRAMITADO PARA A ADXUDICACIÓN DO “SERVIZO PARA LA EJECUCIÓN DE DIVERSAS OPERACIONES DE CONSERVACIÓN EN LA RED VIARIA PROVINCIAL 2019-2021. ZONA 5 – FONSAGRADA, NEGUEIRA DE MUÑÍZ, RIBEIRA DE PIQUÍN E NAVIA DE SUARNA”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda deixar o presente asunto sobre a mesa.

3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONVENIOS E MODIFICACIÓN DE CONVENIOS DE COLABORACIÓN CON DISTINTAS ENTIDADES E CONCELLOS.

Primeiro.- *Proposta relativa á modificación ao convenio interadministrativo entre esta Deputación e o Concello de Láncara para a execución de fins comúns consistentes en: mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:



“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo á modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao, que dispón o seguinte:

A Deputación mediante acordo adoptado pola Xunta de Goberno, en sesión celebrada con data 28 de decembro de 2018, prestou aprobación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara coa finalidade común de colaborar para a execución de fins comúns consistentes en: Mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao.

En data 31-12-2018 asinouse o convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Láncara no que entre outros se recollía na cláusula terceira, relativa ás obrigas do Concello de Láncara:

“(…)

e) Executar os investimentos relacionados obxecto deste convenio, na data límite do 30 de setembro de 2019.

Don Darío Antonio Piñeiro López, Alcalde do Concello de Láncara achega a Deputación de Lugo escrito debidamente asinado, de data 26 de setembro de 2019, a través do que manifesta “... na tramitación do expediente de contratación resultou adxudicataria a cuarta empresa clasificada, por retirada da oferta da primeira e terceira e por atoparse incurso en prohibición para contratar a segunda, o que motivou que o contrato administrativo non se formalizara ata o 16 de xullo.” Así mesmo indica que non é necesario maior prazo de xustificación, que pode manterse na mesma data que o inicialmente establecido.

Fundamentos de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ao interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas entre si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público”

(...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública



e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibiles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, concreta o contido dos mesmos, que se cumpre neste suposto.

O capítulo VI da LRSP non se aplica ás encomendas de xestión, nen tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación interadministrativa coa administración municipal como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015, “1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“ 1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigos 2, 3, 34 e concordantes sobre obxectivos, definición do medio rural e financiamento polas administracións públicas das medidas de desenvolvemento do medio rural.



Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

O municipio de Láncara é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio, (...)”

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberán prestar en todo caso: alumeadado público, abastecemento domiciliario de auga potable,

saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia, establece as competencias deportivas das Deputacións Provinciais, entre elas: “(...) Fomentar, promover e difundir o deporte; asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade; calquera outra actuación que redunde en beneficio do desenvolvemento deportivo local, comarcal ou provincial” e o artigo 8 as competencias dos concellos en materia deportiva, “(...) construír, xestionar, ampliar e manter as instalacións deportivas de titularidade municipal, e no seu caso a xestión e mantemento das de titularidade autonómica ...”

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais.

O Concello de Láncares segundo o establecido no convenio, prevese que sexa o órgano de contratación; na licitación do contrato ou contratos e na súa execución, deberá respectarse polo Concello de Láncares a lexislación contractual e sectorial de aplicación, segundo as esixencias propias da súa natureza consonte as esixencias legais para cada obra ou actuación, sendo responsabilidade do Concello de Láncares tanto a obtención de autorizacións e licencias como o cumprimento dos condicionantes técnicos e legais para a execución do investimento e das actuacións sinaladas, tal e como se especifica no convenio interadministrativo.

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración



admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia.

A potestade de auto organización e este sistema de cooperación horizontal desenvólvese mais polo miúdo na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público e incorporación das directivas, en tanto que ambas administracións participantes actúan coa finalidade de garantir os servizos públicos que lles incumben.

A subscrición desta modificación do convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

O Concello de Láncara será titular e responsable da posta en uso e mantemento do resultado da cooperación.

A presente modificación ao convenio, non lle é de aplicación a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

Nestes supostos de colaboración entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. A terse en conta para a CCAA de Galicia o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o

Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

Sobre a modificación interesada, o artigo 49 da lei 40/2015, de 01 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, xa que se refire ao contido dos convenios e no seu apartado 2 establece que “en cualquier momento antes de la finalización del plazo previsto para la vigencia del convenio, los firmantes podrán acordar unánimamente su prórroga por un período de hasta cuatro años adicionales o su extinción”.

Xa que logo, a cláusula quinta do dito convenio precisa que a súa vixencia comezará no momento da súa sinatura, e en todo caso a súa vixencia concluírá no momento en que por parte da Deputación se proceda á aprobación da conta xustificativa, que deberá efectuarse antes do 31-12-2019, e posterior pagamento, data na que, salvo prórroga previamente acordada, se extinguirá o convenio por vencemento do prazo.

En consecuencia o convenio neste momento está vixente, e as partes poden modificar, mediando acordo de vontade, algunha das súas determinacións; neste senso o artigo 49 letra g) da Lei 40/2015, prevé que os convenios entre administracións estipulen o réxime de modificación, se non existe regulación, requírese o acordo unánime dos asinantes. Neste caso prevese na cláusula sexta do convenio a modificación.

Vixente o convenio, este pode ser modificado polas partes, cos límites relatados de concorrencia de razóns de interese público e/ou semellantes motivadores da concesión e sen danar ou prexudicar a terceiros.

Media vontade das dúas partes para a modificación do convenio, para que a data límite para executar as actuacións incluídas o convenio sexa o 30 de outubro de 2019, debendo presentar a conta xustificativa antes do 30 de novembro de 2019 (prazo inicialmente establecido).

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular



de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, atendendo ao importe económico do convenio.

Así pois a proposta de modificación do convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Por todo o exposto proponse:

Que se aprobe a modificación ao convenio interadministrativo entre a Excma. Deputación Provincial de Lugo e o concello de Láncara, coa finalidade común de colaborar na execución de fins comúns consistentes en: Mellora e acondicionamento do pavillón polideportivo municipal de Pobra de San Xiao, de tal xeito que a data para executar os investimentos quede fixada na data límite do 30 de outubro de 2019, debendo presentar a conta xustificativa no prazo máximo do 30 de novembro de 2019 (data inicialmente establecida)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Segundo.- *Proposta para aprobar convenio de cooperación entre esta Deputación Provincial e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo para a execución dos fins comúns consistentes na celebración de: a) EQUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019 e b) EXPOLUGO A RURAL 2019.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo ao convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, coa finalidade común de cooperar na execución dos fins comúns na celebración de:

- a) EQUIGAL, Salón internacional do cabalo de Galicia, 2019 e
- b) EXPOLUGO, A RURAL 2019, que dispón o seguinte:

“Antecedentes de feito:

Proposta de borrador de convenio de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feiras e Exposición de Lugo.

De un lado, Rubén López Fernández xerente da Fundación Feiras e Exposición de Lugo achega solicitude de convenio de cooperación; de data 5 de abril de 2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria/ proxecto da actuación para a realización conxunta, pola Fundación Feiras e Exposición de Lugo e a Deputación de Lugo, dos eventos/obxectivos compartidos consistentes na celebración de EQUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia 2019. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este convenio.

De outro, Rubén López Fernández xerente da Fundación Feiras e Exposición de Lugo achega solicitude de convenio de cooperación; de data 5 de abril de 2019, ao que acompaña declaración responsable de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias, da Seguridade Social e de Facenda Autonómica impostas polas disposicións vixentes, así como de non ter débedas con esta Deputación en período executivo e memoria/ proxecto da actuación para a realización conxunta, pola Fundación Feiras e Exposición de Lugo e a Deputación de Lugo, da celebración EXPOLUGO, A RURAL 2019. Na memoria explícanse os fins e obxectivos perseguidos con este convenio.

Con data 28 de agosto de 2019, a Fundación Feiras e Exposición de Lugo, presenta actualizados os certificados de estar ao corrente coas obrigas tributarias e coa seguridade social, e con data e 24 de setembro de 2019 presenta escrito aclarando a edición actual da actividade Expolugo.



O Convenio ten por obxecto realizar unha exhaustiva exposición e posta en valor do cabalo (liña 1) e por outro lado a promoción do sector agrícola e gandeiro (liña 2), sectores fundamentais para a economía da nosa provincia. Ambas administracións axudan ao desenvolvemento sostible do medio rural.

O convenio canaliza, nun único documento (economía procesual e concentración de trámites (artigo 72 da Lei 39/2019), ambos proxectos que constitúen fins comúns as dúas entidades participantes.

Fundamento de dereito:

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, define os convenios, dicindo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...).

c) Convenios asinados entre unha Administración Pública u organismo ou entidade de dereito público, e un suxeito de dereito privado.”

Neste caso, a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, pertence como fundación pública ao sector público autonómico, adscrita, segundo certificación da Subdirección Xeral de Coordinación Administrativa da Consellería de Economía, Emprego e Industria do 31-10-2016, á Consellería de Economía, Emprego e Industria.

Esta fundación consta no catálogo de entidades integrantes do sector público autonómico.

Deste modo ten encadre na tipoloxía de convenio asinado entre unha administración do sector público, nos termos do artigo 6 da LCSP, salientando que se trata de unha entidade do sector público, coa cualificación de poder adxudicador nos termos do artigo 3.3 da citada Lei. Neste sentido, figura como poder adxudicador, rexistrado na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia.

The screenshot displays the 'Contratos Públicos de Galicia' website. The header includes the logo, a language selector (Galego | Castellano), and the 'XUNTA DE GALICIA' logo. The navigation bar contains links for 'Presentación', 'Publicacións', 'Perfil do contratante', and 'Documentación', along with an 'ACCEDER' button. The breadcrumb trail shows 'Inicio / Perfil do contratante / Consulta das publicacións / Feiras e Exposicións de Lugo'. The main content area is titled 'Fundación Feiras e Exposicións de Lugo' and features a '+ máis' button and links for 'Contacto', 'Web', and 'RSS'. Two expandable sections are visible: 'Enderezo' (Address) and 'Actividade' (Activity). The address section shows 'Avda. Deportes, s/n - Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, 274 - Lugo - Lugo - Galicia - España'. The activity section shows 'Organización de feiras e outros eventos.'



En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”

O capítulo VI da LRSP non se aplica as encomendas de xestión, nin tampouco aos acordos de terminación convencional de procedementos administrativos.

A relación de cooperación prodúcese coa Fundación Feiras e Exposición de Lugo, entidade sen ánimo de lucro que foi constituída o 29 de decembro de 1992, cuxo obxecto é destinar o Pazo de Feiras e Congresos de Lugo a fins xerais de interese galego. A construción do Pazo foi promovida polas seguintes institucións: Consellería de Economía e Industria, Deputación Provincial de Lugo, Concello de Lugo, Confederación de Empresarios de Lugo e Cámara de Comercio de Lugo.

Desde o momento da súa constitución, o Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais e culturais, así como calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores de Galicia, o nivel profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.



A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo é unha institución que naceu que o fin de recuperar e potenciar a tradición feiral da provincia. Dada a actual proliferación de feiras e recintos feirais en Galicia e a coincidencia dos sectores na maior parte delas, por unha banda, e as tendencias deste sector, por outra, é polo que a Fundación Feiras e Exposicións de Lugo acometeu un novo modelo, que polos estudos realizados, preséntase como a solución máis rendible nun futuro próximo como a alternativa máis plausible á feira tradicional. Este recinto funciona como exposición permanente de produtos á vez que como centro de contratación de negocios e centro de formación.

Dita fundación foi declarada de interese galego por Orde de 16 de marzo de 1993 (DOG núm. 64, de 5 de abril), inscrita no rexistro de fundacións de interese galego co número 1993/9. Dita Fundación esta adscrita a Consellería de Industria.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo, esta integrada no sector público autonómico atendendo aos criterios fixados no artigo 113 da Lei 16/2010, de 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración Xeral e do sector público autonómico de Galicia, en relación coa Lei 12/2006, de 1 de decembro, de fundacións de interese galego.

Son fundacións do sector público autonómico aquelas fundacións en que concorran algunha das seguintes circunstancias:

Que se constitúan, directa ou indirectamente, cunha achega maioritaria ou exclusiva da Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e/ou das entidades integrantes do sector público autonómico.

Que o seu patrimonio fundacional, con carácter de permanencia, estea formado en máis dun 50% por bens e dereitos achegados ou cedidos polas referidas entidades.

Que cuxos ingresos proveñan maioritariamente dos orzamentos da Comunidade Autónoma sempre que, neste caso, posúase a maioría ou se exerza control análogo sobre os seus órganos de goberno e dirección. (..)

Desde o momento da súa constitución, o Padroado da Fundación Feiras e Exposicións de Lugo marcouse como obxectivos esenciais a promoción de actividades agropecuarias, agroalimentarias, comerciais, agroindustriais, sociais, educacionais e culturais, así como calquera outra que teña por obxecto a promoción e o desenvolvemento dos sectores de Galicia, o nivel profesional do sector agrario, industrial e pesqueiro e a elevación do nivel de vida no medio urbano e rural.

A Fundación Feiras e Exposicións de Lugo esta constituída por:

Xunta de Galicia.

Deputación de Lugo.

Concello de Lugo.

Confederación de Empresarios de Lugo.

Na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alende o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.



En calquera caso a colaboración coa fundación é anterior a entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de modo que se continúa co exercicio de unha acción colaborativa realizada xa con anterioridade.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...).

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados.

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei 45/2007, do 13 de decembro, para o desenvolvemento sostible do medio rural, que ten, entre os seus obxectivos, manter e ampliar a base económica do medio rural, manter e mellorar o nivel de poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos axeitados e suficientes que garanten a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou en risco de exclusión, conservar e recuperar o patrimonio e os recursos naturais e culturais do medio rural a través de actuacións públicas e privadas que determinan a súa utilización compatible con un desenvolvemento sostible, diversificación da actividade económica, conservación da natureza e xestión dos recursos naturais, creación e mantemento do emprego.

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”. No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas lei das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

A estes efectos, lembrar como a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias ao igual que outras leis estatais sectoriais, entre outros, cabe citar a Lei 5/2014 do 27 de maio, e tamén a Lei 45/2007, do 13 de decembro, básica estatal.

En particular, son obxectivos da Fundación os seguintes:

A promoción e o fomento de feiras e exposicións de calquera ámbito, local, provincial, autonómico, nacional e ata internacional e particularmente a promoción e o fomento da feira de Lugo.

A promoción de salóns monográficos, certames técnicos, industriais, comerciais, agrícolas ou gandeiros.

Exposicións comerciais e técnicas a desenvolver en Lugo e a súa provincia de calquera ámbito territorial, ata internacional.

Promocionar museos comerciais ou técnicos nos mesmos ámbitos, palacios de congresos e exposicións.



Cantas máis manifestacións comerciais ou técnicas, de calquera tipo, promóvanse, tanto nos entes integrados na Fundación como por entidades particulares que redunden no beneficio do comercio, industria e navegación da provincia no seu conxunto.

A realización de toda clase de obras e actos que sexan necesarios para os fins pretendidos.

Cantas actividades culturais ou doutra orde que puidesen servir para o apoio e desenvolvemento das actividades feirais, exposicións e demais, contempladas nos estatutos fundacionais.

Calquera actividade que afecte ou incida en calquera forma e ámbito cos intereses xerais ou peculiares, efectivos ou expectativas, da Fundación ou das entidades que a integran.

Sinalar que este convenio con unha entidade do sector público se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a ambas entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal inter-administrativa e bilateral contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da lexislación xurídica xeral da Xunta de Galicia. E que adquire carta de natureza no artigo 31 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, sobre a potestade de autoorganización e sistemas de cooperación, neste caso horizontal.

Así, para a consecución do fin común perseguido por ambas institucións, que é a realización do Salón internacional do cabalo de Galicia, EQUIGAL (liña 1), a celebrar no Pazo de Feiras e Congresos de Lugo, as actividades van dirixidas a promoción e difusión do mundo do cabalo; e por outro lado a promoción do sector agrario e gandeiro lucense coa iniciativa EXPLUGO A RURAL 2019 (liña 2) e indirectamente o mercado de produtos relacionados con estes sectores, fundamentais para o desenvolvemento económico da provincia de Lugo, establécese esta relación bilateral de colaboración e cooperación nas que se inclúe a seguinte previsión de financiamento e achegas, cunha valoración económica total 66.500,00€ e distribuído do seguinte xeito:

ACTUACIÓN	ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA FUNDACION FEIRAS E EXPOSICIÓNS DE LUGO	OUTRAS FONTES DE FINANCIAMENTO
LIÑA I: XII EDICION EQUIGAL, SALÓN INTERNACIONAL DO CABALO DE GALICIA	40.000,00€	2.500,00€	1.500,00€ (XUNTA DE GALICIA)
LIÑA II: XXII EXPOLUGO, A RURAL 2019	20.000,00€	1.500,00€	1.000,00€ (CAIXA RURAL)

A titularidade dos resultados será compartida no termos da cláusula quinta letra D, do convenio de cooperación.

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo paragrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten para acadar os obxectivos que teñen en común, a cooperación a desenvolver unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida calificarse de contractual:



(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

Nestes supostos de relacións de cooperación entre entidades do sector público, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e demais normativa de concordante aplicación. Pode terse en conta na CCAA de Galicia, o artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), que aínda que non resulta aplicable ás EELL, pode tomarse como referencia.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno, por canto o importe do convenio ten unha contía superior á dos contratos menores (art. 59.8 ROD).

Así pois a proposta de convenio é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente.

Este informe substitúe o asinado o 1 de agosto de 2019, unha vez aportada nova documentación pola Fundación Feiras e Exposicións de Lugo..”

Polo anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o texto do convenio de cooperación a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo e a Fundación Feireas e Exposicións de Lugo coa finalidade común de colaborar na execución dos fins comúns da celebración de EGUIGAL, salón internacional do cabalo de Galicia

2019 e EXPOLUGO, a rural 2019, cun orzamento total de 66.500,00 €; a achega da Deputación ascende a contía 60.000,00 €.

2º.- Aprobar o gasto, en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuacións contempladas no convenio, que ascende á contía máxima de 60.000,00€ con cargo as aplicacións orzamentarias 4311.48903 (40.000,00€) e 4190.48903 (20.000,00€) do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo para a anualidade 2019”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

Terceiro.- *Proposta relativa a aprobación da modificación do convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica do Miño-Sil, esta Deputación Provincial e o Concello de Monforte de Lemos para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo.*

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

“Visto o informe – proposta do Servizo de Contratación e Fomento, relativo a modificación do convenio interadministrativo entre a Excm. Deputación Provincial de Lugo, o Concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, coa finalidade común de colaborar na financiación e execución das obras para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, que dispón o seguinte:

“Pola Xunta de Goberno, en data 19 de maio de 2017, aprobouse o convenio interadministrativo entre a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, sendo modificado por acordo da Xunta de Goberno de data



28 de xullo de 2017 coa finalidade da adaptar o texto a normativa vixente, sendo suscrito o 20 de setembro de 2017.

O devandito convenio interadministrativo foi novamente modificado, por acordo da Xunta de Goberno de data 22 de decembro de 2017, adaptando as anualidades previstas, establecéndose o anexo I co cadro de financiamento seguinte:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL (35,71%)	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO (35,71%)	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS (28,57%)
2017	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2018	70.000 €	25.000 €	25.000 €	20.000 €
2019	700.000 €	250.000 €	250.000 €	200.000 €
2020	630.000 €	225.000 €	225.000 €	180.000 €
SUMA	1.400.000 €	500.000 €	500.000 €	400.000 €

En data 20 de setembro de 2017, asinouse o convenio interadministrativo Confederación Hidrográfica Miño-Sil, a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Monforte de Lemos, para financiación, execución e entrega das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, incluíndo o anteriormente citado anexo I coa programación das anualidades previstas. Dita modificación foi asinada en data 29 de decembro de 2017.

Con data 16 de novembro de 2018 recíbese escrito da Secretaría General da Confederación Hidrográfica Miño-Sil, no que se remite reaxuste dos importes das distintas anualidades, xa que a cláusula quinta do convenio establece “cuando se prevea que la ejecución no alcance la cuantía inicialmente comprometida para una anualidad, la Confederación Hidrográfica lo pondrá en conocimiento de la Diputación Provincial de Lugo y el Ayuntamiento de Monforte de Lemos para que puedan efectuar los oportunos ajustes financieros y presupuestarios ...”

Con data 30 de setembro de 2019, a Confederación Hidrográfica Miño Sil, achega a través de correo electrónico borrador da addenda de modificación ao convenio referenciado, a fin de

modificar a data de vixencia e os importes das distintas anualidades a aportar por cada Administración participante no devandito convenio.

O Concello de Monforte de Lemos aprobará a modificación no seu orzamento, de proceder, antes da sinatura da modificación ao convenio interadministrativo de acordo coa proposta presentada pola Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

Fundamentos de dereito:

O artigo 86 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas sinala tamén sistematicamente ubicado na fase de finalización do procedemento que “as Administracións Públicas poderán celebrar acordos, pactos, convenios ou contratos con persoas tanto de dereito público como privado, sempre que non sexan contrarios ao ordenamento xurídico (...)”.

O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

O artigo 47 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, sinala a definición de convenios, establecendo que “son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público” (...)



Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos:

a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”

En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, establece “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”

En canto ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento.

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción. (...)”

A colaboración entre administracións como aparello técnico-administrativo manexado na proposta e o convenio analizado, ten cabida nos principios xerais de actuación e funcionamento do sector público, nas súas relacións, establecendo no art. 3.1.k da Lai 40/2015, do 01 de outubro que “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”; ademais resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recabar para o eficaz exercicio das súas competencias”.



Nesta mesma liña de potenciar a colaboración entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais nun sistema multinivel de poder público e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.

(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”.

Ademais, estas determinacións cadran co previsto na Lei de desenvolvemento sustentable do medio rural (Lei 45/2007, do 13 de decembro), artigo 2 e 3 que entre os obxectivos sinala “(...) b) manter e mellorar o nivel da poboación do medio rural e elevar o grao de benestar dos seus cidadáns, asegurando uns servizos públicos básicos adecuados e suficientes que garantan a igualdade de oportunidades e a non discriminación, especialmente das persoas máis vulnerables ou

en risco de exclusión, (...)”. O artigo 7 deste precepto sinala “O programa de Desenrolo rural sostible incluírá medidas destinadas a satisfacer necesidades e demandas sociais de grupos de poboación que requiran unha atención prioritaria, en particular, as mulleres, os xoves, os maiores e as persoas con discapacidade”.

Así mesmo, o artigo 23 desta mesma Lei 45/2007 sinala “No ámbito das infraestruturas locais e os equipamentos e servizos básicos, o PDRS poderá establecer medidas orientadas a: (...) d) Apoiar a dotación dos servizos públicos municipais de prestación obrigatoria nos núcleos urbanos do medio rural, o seu mantemento e mellora, singularmente nas zonas rurais prioritarias, no marco da normativa reguladora da Administración Local. Favorecerase especificamente a prestación coordinada de servizos públicos entre municipios próximos.

A estes efectos debe terse en conta que aínda que a acción obxecto do convenio se desenvolva en zona urbana, o art. 3.a da amentada Lei 45/2007 establece a seguinte definición auténtica de medio rural: “Medio rural: o espazo xeográfico formado pola agregación de municipios ou entidades locais menores definido polas administracións competentes que posúan unha poboación inferior a 30.000 habitantes e unha densidade inferior aos 100 habitantes por km².”

Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL). De acordo co establecido no artigo 36 LBRL modificado pola LRSAL unha competencia propia da Deputación é “a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administracións Local de Galicia, ao sinalar que “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción). Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...), b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e



social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

O concello de Monforte de Lemos é unha entidade local básica con personalidade xurídica e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, que no seu labor de procura dunha mellora na calidade de vida dos cidadáns, promove actividades e presta servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal; exercendo as competencias que lle atribúe como propias o Art. 25 da LBRL, na súa vixente redacción, entre as que enumera “a) Urbanismo: planeamento, xestión, execución ...; b) Medio ambiente urbano: parques, xardíns públicos, xestión residuos sólidos urbanos ...; c) Abastecemento de auga potable a domicilio ...; d) A infraestrutura viaria e outros equipamentos da súa titularidade; e) Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social; (...); h) Información e promoción da actividade turística de interese e ámbito local; (...); l) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre; m) promoción da cultura e equipamentos culturais (...)”

A Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da LRSAL, establece na súa disposición adicional primeira “as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica anterior á entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndoas elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio, ...”, debendo interpretarse co artigo 3.3 desta Lei, ao sinalar que non se entenderá como exercicio de novas competencias a colaboración entre administracións (...), que se artella neste convenio.

O artigo 26 da Lei 7/85, de 2 abril, de Bases de réxime local, establece que “os Municipios deberá prestar en todo caso: alumeado público, abastecemento domiciliario de auga potable, saneamento, accesos a núcleos de poboación, pavimentación das vías públicas; b) Nos municipios con poboación superior a 5.000 habitantes: parque público, biblioteca pública e tratamento de refugallo”. O apartado 2 deste mesmo artigo 26, sinala: “nos municipios con poboación inferior á 20.000 habitantes será a Deputación Provincial ou entidade equivalente a que coordinará a prestación dos seguintes servizos: a) Recollida e tratamento de residuos; b) Abastecemento de auga

potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais; c) limpeza viaria; d) acceso aos núcleos de poboación; e) pavimentación de vías urbanas; (...)”

No ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, o artigo 5 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia sinala como competencias dos entes locais: “ a) O abastecemento domiciliario de auga potable e o seu control sanitario; b) Rede de sumidoiros; c) O tratamento de augas residuais; (...)”

Ademais, e en todo caso, o artigo 25 da LBRL establece que o municipio, para a xestión dos seus intereses, e no ámbito das súas competencias, como xa sinalamos anteriormente, pode promover actividades e prestar servizos públicos que contribúen a satisfacer as necesidades e aspiracións da comunidade veciñal nos termos previstos neste artigo. Lembrar que nesta liña, o artigo 85 da LBRL define como servizos públicos locais “os que presten as entidades locais no ámbito das súas competencias”, sen prexuízo de non considerarse servizo público (hipótese non compartida), as iniciativas económicas do artigo 86.

Á Confederación Hidrográfica de Miño-Sil correspóndelle, no ámbito da súa Demarcación Hidrográfica, a administración e control do dominio público hidráulico, así como o proxecto, a construción e explotación das obras realizadas con cargo aos fondos propios do Organismo (artigo 23 do Texto Refundido de la Lei de Augas) para cuxa finalidade poderá establecer convenios de colaboración coas Entidades Locais, ao amparo do disposto no artigo 25.2 da amentada disposición legal, que indica: “Os organismos de conca poderán celebrar convenios de colaboración coas CCAA, as Administracións Locais e as comunidades de usuarios para o exercicio das súas respectivas competencias, conforme ao disposto na lexislación vixente.”

Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a colaboración horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público), da comunidade autónoma de Galicia.



Así, para a consecución do fin común perseguido polas tres administracións, que é a dotación aos veciños do Concello de Monforte de Lemos dun saneamento urbano de Monforte de Lemos, Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, pola Confederación Hidrográfica Miño Sil achégase proposta de modificación, que afecta ao anexo I relativo ás anualidades, segundo o establecido na cláusula segunda, apartado terceiro “en caso de resultar necesaria la modificación de las anualidades, ésta se realizará a propuesta de la Confederación Hidrográfica del Miño Sil, cuando sea preciso, para acomodar la financiación al ritmo de ejecución de las actuaciones”. Con esta modificación, o anexo I, relativo á aportación nas distintas anualidades, quedaría do seguinte xeito:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	1.282.810,00 €	458.143,73 €	458.148,45 €	366.517,82 €
2021	70.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	20.000,00 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidades de 2020 e 2021 queda supeditado á dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.

Nestes supostos de cooperación entre administracións públicas, con contraprestacións entre os beneficiarios ou que as administracións que os subscriben ostentan competencias compartidas de execución (ademais de actuar “*conveniendi causa*”), no é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, sen prexuízo de tomala como marco de referencia na xustificación dos fondos, de conformidade co establecido no artigo 2.4 do RD 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o RXLS e tamén no artigo 2.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de subvencións de Galicia (Lei 9/2007), aplicable, dentro do marco normativo básico de Lei Xeral de Subvencións, consonte ao establecido no seu propio artigo 1.

A presente modificación do convenio non lle é de aplicación a lexislación en materia de contratos:

Non sería, por estar vixente no momento da sinatura do convenio, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no art. 4.1.c) do Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, que sinala que “están excluídos do eido da citada lei: (...); c) Os convenios de colaboración que desenvolva a Administración Xeral do Estado coas entidades xestoras da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas, as Entidades Locais, organismos autónomos e restantes entidades públicas, ou os que celebren estes organismos e entidades entre si, salvo que, pola súa natureza, teñan a consideración de contratos suxeitos a esta Lei.”

Non é, por estar vixente no momento da modificación, a Lei de Contratos do Sector Público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, que sinala que “quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebradas entre si pola Administración Xeral do Estado, (...), entidades locais, (...)”.

En canto ao órgano competente sinalar que segundo o artigo 59, apartado 18 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo, publicado no BOP nº 56 de data 10 de marzo de 2011 en relación co artigo 54.41 do mesmo regulamento, aplicable de acordo coa circular de Secretaría Xeral en funcións, de data 02 de novembro de 2018, (como consecuencia do acordo da conversión do acto administrativo adoptado en sesión plenaria do 26 de xuño de 2018 polo que se presta aprobación ao Regulamento orgánico publicado no BOP nº 170 do 26 de xullo de 2018) trátase dunha atribución que corresponde á Xunta de Goberno.

Así pois a proposta de modificación do convenio interadministrativo é axustada á regulamentación específica que se contempla nos artigos referidos, polo que se informa favorablemente, debendo condicionar o acordo á dispoñibilidade orzamentaria e ao principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira nos exercicios económicos 2020 e 2021.

Polo anteriormente exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:



Que se aprobe a modificación do convenio interadministrativo, a solicitude da Confederación Hidrográfica Miño Sil, a subscribir entre a Deputación Provincial de Lugo, o concello de Monforte de Lemos e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil, co obxecto de colaborar na financiación, execución e entrega ao Concello das obras de proxecto de mellora na rede de saneamento urbano de Monforte de Lemos, Rúas Santa Clara, A Veiga, Chantada, Juan Montes e Padre Feijóo, modificando a vixencia do mesmo, ata o 31 de decembro de 2022, e quedando o Anexo I, relativo ás aportacións dos asinantes do seguinte xeito:

	TOTAL	CONFEDERACIÓN HIDROGRÁFICA DEL MIÑO-SIL	DIPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO	AYUNTAMIENTO DE MONFORTE DE LEMOS
2018	47.190,00 €	16.856,27 €	16.851,55 €	13.482,18 €
2019	0,00 €	0,00 €	0,00 €	0,00 €
2020	1.282.810,00 €	458.143,73 €	458.148,45 €	366.517,82 €
2021	70.000,00 €	25.000,00 €	25.000,00 €	20.000,00 €
TOTAL	1.400.000,00 €	500.000,00 €	500.000,00 €	400.000,00 €

Estamos ante un gasto plurianual, e polo tanto o financiamento da anualidades de 2020 e 2021 queda supeditado a dispoñibilidade orzamentaria e ao cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

4. - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA SOLICITUDE PARA A ADHESIÓN AO CONVENIO ENTRE A ADMINISTRACIÓN XERAL DO ESTADO E A FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE MUNICIPIOS E PROVINCIAS (FEMP), PARA O ESTABLECEMENTO DE PUNTOS DE ATENCIÓN AO EMPRENDEDOR (PAE) INTEGRADOS NA RED CIRCE.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que o goberno de España ven desenvolvendo unha serie de medidas para

impulsar e facilitar a creación de empresas, entre outras o Centro de Información e Rede de creación de empresas (CIRCE), o Documento Único Electrónico e a rede de puntos de Atención o emprendedor.

Tendo en conta que con data 28 de maio de 2019, publicase no B.O.E a Resolución do 18 de maio de 2019, da Secretaria Xeral da Pequena e Mediana Empresa, pola que se publica o Convenio coa Federación Española de Municipios e Provincias, para o establecemento de Puntos de Atención ao Emprendedor Integrados na RedCirce, por ser esta la asociación de entidades locais con maior implantación.

De acordo o establecido no artigo 36 da LBRL modificado pola LRSAL considera unha competencia propia da Deputación a cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación do territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas e artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia a cal sinala que e competencia propia da Deputación en xeral o fomento da administración dos intereses peculiares da provincia.

Tendo en conta que o longo destes anos a Deputación Provincial de Lugo, ven prestando servizos de asesoramento a emprendedores a través dos Axentes de Emprego e Desenvolvemento local, que realizan entre outras funcións as seguintes:

Prospección de recursos ociosos ou infrautilizados, de proxectos empresariais de promoción económica local e iniciativas innovadoras para a xeración de emprego no ámbito local, identificando novas actividades económicas e posibles emprendedores, así como prospección das necesidades de persoal das empresas co obxecto de identificar novos nichos de emprego.

Difusión e estímulo de potenciais oportunidades de creación de actividade entre as persoas desempregadas, promotores e emprendedores, así como institucións colaboradoras, levando a cabo accións de sensibilización cara á promoción dunha maior conciencia empresarial como oportunidade de emprego.

Acompañamento técnico no inicio de proxectos empresariais para a súa consolidación en



empresas xeradoras de novos empregos, asesorando e informando sobre a viabilidade técnica, económica e financeira e, en xeral, sobre os plans de lanzamento das empresas.

Apoio aos promotores das empresas, unha vez constituídas estas, acompañándoos tecnicamente durante as primeiras etapas de funcionamento, mediante a aplicación de técnicas de consultaría en xestión empresarial e asistencia nos procesos formativos adecuados para contribuír á boa marcha das empresas creadas.

Calquera outra que contribúa á promoción e implantación de políticas activas de emprego, relacionadas fundamentalmente coa creación de actividade empresarial.

Considerando que co fin de fomentar e impulsar a creación de novas empresas como motor da economía a posta en marcha do “Punto de Atención ao Emprendedor (PAE)”, seria un complemento eficaz cara os emprendedores que decidan poñer en marcha unha idea de negocio, xa que se complementaria o ciclo que na actualidade estamos a ofrecer mediante os seguintes servizos, un serán de carácter obrigatorio definidos no artigo quinto ademais dos seguintes opcionais:

Tendo en conta o establecido na cláusula cuarta da citada resolución as entidades locais adheridas comprométense a facilitar a creación de novas empresas, o inicio efectivo da súa actividade e o seu desenvolvemento a través da prestación de servizos de información tramitación de documentación asesoramento formación e apoio a financiación empresarial.

Os PAE utilizarán o sistema de tramitación telemática do CIRCE, cuxa sede electrónica se sitúa no Ministerio de Industria, Comercio e Turismo, e neles deberase iniciar a tramitación do DUE.

Considerando que tal como e como se detalla na cláusula oitava as actividades necesarias serán desenvoltas por persoal cun perfil concreto, que serán asumidas polos Técnicos Locais de Emprego da propia Sección de Promoción Económica e Emprego, (Enrique Flores Lamas, Vanesa Vilela Gomez, Jesús Francisco Corredoira Ceide), ademais deba contar así, mesmo con persoal técnico capaz de resolver aquelas incidencias relacionadas co funcionamento dos equipos informáticos , que serán cubertas polo persoal adscritos o “Centro de atención a usuarios, CAU”.

A entidade nomeará a Julia Vázquez Silvarrey, xefa da sección de promoción económica e emprego como coordinadora da entidade en materia do PAE.

Tendo en conta que presente convenio de adhesión non ten contido económico para ningunha de las partes.

Considerando que a vixencia deste convenio resultará eficaz unha vez inscrita no Rexistro electrónico estatal dos Órganos e instrumentos de Cooperación do sector público estatal e publicado no Boletín Oficial do Estado, dito convenio extinguirase transcorridos catro anos dende inscrición e en calquera momento antes da finalización destes catro anos poderase acordar unha única prorroga por un período de ata catro anos.

Dado que a Estratexia de Europa 2020 fomenta o espírito emprendedor como motor de arranque da economía e da redución do desemprego, e que a Sección de promoción económica e emprego conta na actualidade cun volume de consultas importante nesta materia, e que ademais conta con persoal cualificado e con ampla experiencia o Punto de Atención ao Emprendedor converteríase nunha boa ferramenta para impulsar a creación de empresas e polo tanto dinamizar a economía da nosa provincia.

Por todo o exposto anteriormente , propónse a Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobación, se procede, da solicitude de adhesión ao Convenio entre a Administración Xeral do Estado e a Federación Española de Municipios e Provincias (FEMP) para o establecemento de Puntos de Atención ao Emprendedor (PAE) integrados na RedCirce”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

5. - APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PLANS DE SEGURIDADE E SAÚDE NO TRABAJO.



Visto o Plan de Seguridade e Saúde da obra que se indica, presentado por o contratista adxudicatario, en cumprimento do disposto no art. 7 do R.D. 1627/1997 do 24 de outubro, polo que se establecen disposicións mínimas de seguridade e de saúde nas obras de construción, e informes emitidos polos directores técnicos das obras e polos servizos técnicos desta Excm. Deputación Provincial, vistos os informes dos Servizos desta Deputación así como a proposta da Presidencia a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes:

1º.- Aprobar o Plan elaborado para a súa aplicación á obra que se relaciona.

2º.- Comunicar esta aprobación ós directores técnicos e contratistas, para o seu cumprimento durante a execución da obra.

OBRA CUXO PLAN DE SEGURIDADE E SAÚDE SE APROBA

- Obra: Acondicionamento LU-P-3305 “Satrexas (N-640)- Ligonde”, P.K. 4+010 ao 5+300. MONTERROSO.

Contratista: Construcciones Leonardo Miguélez, S.L.

6.- PROPOSTA DE COMPLEMENTO DE ACORDO NO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO FONSAGRADA.- ACONDICIONAMENTO LU-P-1901 “FONSAGRADA (LU-530)-NAVIA (LU-722). P.Q. 0,000 AO 4,350.

Logo de ver a proposta da Presidencia do seguinte teor:

Con base no informe técnico, procede rectificar e completar e notificar o Acordo da Xunta de Goberno de data 10 de maio do 2019, na que se aprobou a Declaración de Necesidade de Ocupación, incluíndo as seguintes fincas omitidas no mesmo, cuxos titulares e bens afectados se reflicten deseguido:

Nº	Ref. catastral	Titular/es	Domicilio	Tipo Solo	Destino do solo	Sup. Exp. (m²)	Outros bens afectados	Cantidade
78	Fonsagrada Pol.- 237 Parc.- 126	Avelino Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada	Rural	Monte Alto	37	ud Carballo adulto	6
		Manuel Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Manuel Freijo Álvarez	Lg Burón 82 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Margarita Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Mercedes Fernández Pérez	C/Lamas De Moreira 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		José Ignacio Sanmartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Benilde Pérez Álvarez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Paz Samartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		José Manuel Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 6g Aviles					
		Domitila Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 P.6g Asturias Aviles					
		Manuel Pérez Pérez	Lg Padrón 13 Fonsagrada					
91	Fonsagrada Pol.- 237 Parc.- 138	Avelino Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada	Rural	Monte Alto	32	ud Carballos adultoa	8
		Manuel Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		José Ignacio Sanmartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Paz Samartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Benilde Pérez Álvarez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		Margarita Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Mercedes Fernández Pérez	C/Lamas De Moreira 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Manuel Freijo Álvarez	Lg Burón 82 A Fonsagrada Fonsagrada					
		José Manuel Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 6g Aviles					
		Domitila Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 P.6g Asturias Aviles					
96	Fonsagrada Pol.- 237 Parc.- 200	Manuel Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada	Rural	Monte Alto	12		
		Avelino Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		José Ignacio Sanmartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Paz Samartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Benilde Pérez Álvarez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		Margarita Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Mercedes Fernández Pérez	C/Lamas De Moreira 16 A Fonsagrada Fonsagrada					
		Manuel Freijo Álvarez	Lg Burón 82 A Fonsagrada Fonsagrada					
		José Manuel Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 6g Aviles					
		Domitila Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 P.6g Asturias Aviles					
103	Fonsagrada Pol.- 237 Parc.- 5	Avelino Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada	Rural	Prado	705	m. Cierre de estacas de madeira con 2 arames	17
		Manuel Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada				m. Cierre de pedra sobre pedra de 1,00 m. de altura	12
		José Ignacio Sanmartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea				m. Cierre de pedra sobre pedra de 1,30 m. de altura	46
		María Paz Samartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea				m. Cierre de estacas de madeira con 3 arames	9
		María Benilde Pérez Álvarez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea				ud Freixos xóvenes	1
		Margarita Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada				ud. Salgueiros xóvenes	1
		Mercedes Fernández Pérez	C/Lamas De Moreira 16 A Fonsagrada Fonsagrada				ud Salgueiros	4
		Manuel Freijo Álvarez	Lg Burón 82 A Fonsagrada Fonsagrada				m. Cierre de pedra sobre pedra de 1,50 m. de altura	48
		José Manuel Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 6g Aviles				ud Freixo adulto	1
		Domitila Álvarez Ron	C/Hernán Cortés 31 P.6g Asturias Aviles					
108	Fonsagrada Pol.- 237 Parc.- 10	Avelino Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada	Rural	Prado	228	ud. Carballos xóvenes	2
		Manuel Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada				ud Salgueiros	3
		José Ignacio Sanmartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Paz Samartiño Pérez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		María Benilde Pérez Álvarez	C/Avenida Del Acebo 28 5º Cangas De Narcea					
		Margarita Pérez Álvarez	C/Lamas De Moreira Nº 16 A Fonsagrada Fonsagrada				ud. Blaitiros xovenes	6



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

7. - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/061.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/061, correspondente a Clementina Bello Roca (Guitiriz), destinada á incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 1,20 Has, concedéndolle unha subvención por importe de 600,00 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Clementina Bello Roca, presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, a adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor de Clementina Bello Roca,

tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/061, destinada á “incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 600,00€, así como ao aboamento da mesma.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

8. - PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CONTA XUSTIFICATIVA DA SUBVENCIÓN OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018 “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”; EXPEDIENTE SUBAGR-2018/068.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno acordou estimar a solicitude tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/068, correspondente á sociedade civil Arnejo Rolle, S.C. (Ouro), destinada a incorporación de terras para a súa posta en produción, cunha superficie de 5,6110Has, concedéndolle unha subvención por importe de 2.805,50 €, incluída no Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018, Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

A sociedade civil Arnejo Rolle, S.C., presentou en forma e prazo a conta xustificativa correspondente á devandita subvención de acordo coas bases reguladoras destas subvencións aprobadas o 10 de agosto de 2018.

Sobre a conta xustificativa emitíronse informes técnicos favorables, acerca do grado de cumprimento dos fins para o que se concedeu a subvención, á adecuación dos gastos realizados e a documentación presentada polo beneficiario, pola súa parte, Intervención fiscalizou de conformidade a mesma.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:



Aprobar a conta xunto coa documentación xustificativa da subvención outorgada con data 21 de decembro de 2018 por acordo da Xunta de Goberno, a favor da sociedade civil Arnejo Rolle, S.C., tramitada co número de expediente SUBAGR-2018/068, destinada á “Incorporación de terras para a súa posta en produción” por un importe de 2.805,50€, así como ao aboamento da mesma.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA SUBVENCIÓN TRAMITADA CO NÚMERO DE EXPEDIENTE SUBAGR-2018/051, CORRESPONDENTE Á S.A.T. RÍO 1258 XUGA (CASTROVERDE), OUTORGADA DENTRO DO PROGRAMA DE APOIO AO SECTOR AGROGANDEIRO NA PROVINCIA DE LUGO, ANO 2018. “RECUPERACIÓN E INCORPORACIÓN DE TERRAS PARA A POSTA EN PRODUCCIÓN DE RECURSOS AGROGANDEIROS”.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Cooperación e Asistencia aos Concellos do seguinte teor:

“Con data 10 de agosto de 2018 a Xunta de Goberno aprobou as bases para a concesión de subvencións, en réxime de concorrência competitiva, do Programa de apoio ao sector agrogandeiro na provincia de Lugo, ano 2018. Recuperación e incorporación de terras para a posta en produción de recursos agrogandeiros.

Con data 21 de decembro de 2018 a Xunta de Goberno a proposta da Comisión de Valoración, acordou estimar a solicitude tramitada có número de expediente SUBAGR-2018/051, correspondente a S.A.T. Río nº 1258 XUGA e concederlle unha subvención de 1.050,00 €.

Con data de Rexistro de Entrada 14/06/2019, Joaquín Fernández Arias, (Castroverde), en representación dá S.A.T. Río 1258 XUGA, presenta a Conta Xustificativa, facendo constar a imposibilidade de presentar certificacións de ausencia de débedas, a nome de S.A.T Río dado que

posteriormente a ter finalizadas as actuacións obxecto de subvención, fíxose efectiva a transformación da entidade en Sociedade Limitada, (Ganadería Riolfé, S.L.), da cal se achega copia de escritura e copia do rexistro do cambio de titularidade da explotación na Xunta de Galicia. As certificacións non poden ser obtidas tras finalizar o proceso de transformación, xa que se trata dunha sucesión de empresas, habendo unha continuidade nas obrigas asumidas pola entidade anterior.

A Sociedade mantén o mesmo obxecto social, socios e porcentaxe de participación dos mesmos no capital social.

Con data 24 de xuño de 2019, o Xefe do Servizo de Cooperación e Proxectos, emite informe favorable á autorización da mencionada modificación.

Polo anteriormente exposto, propónse á Xunta de Goberno a adopción do seguinte acordo:

Acceder a solicitude presentada por D. Joaquín Fernández Arias, e aceptar o cambio de titularidade do beneficiario da subvención outorgada pola Xunta de Goberno con data 21 de decembro de 2018 , por importe de 1.050,00 €, á S.A.T Río 1258 XUGA , a favor de Ganadería Riolfé, S.L.”

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

10.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES DE SELECCIÓN DAS PERSOAS USUARIAS DO PROGRAMA LUGOTERMAL E A SÚA PUBLICACIÓN NO BOP DE LUGO.

Logo de ver a proposta do Sr. Deputado Delegado da Área de Promoción Económica e Social do seguinte teor:

“Considerando que a Deputación de Lugo ten como un dos seus obxectivos principais promover o benestar social dos seus cidadáns, en cumprimento do establecido no artigo 50 da



Constitución Española, o cal sinala que os poderes públicos promoverán o benestar mediante un sistema de servizos sociais que atenderán seus problemas específicos de saúde, vivenda, cultura e lecer.

Considerando que a dende o ano 2011 a Deputación de Lugo ven desenvolvendo programas de termalismo dirixidos as persoas maiores empadroadas en calquera concello da provincia de Lugo, en colaboración cos establecementos balnearios autorizados pola autoridade competente para utilizar as augas minero- medicinales declaradas de utilidade pública con fins terapéuticos e preventivos para a saúde, segundo o regulado no artigo 22 da Lei 5/1995, de 7 de xuño, de regulación das augas minerais, termais, de manancial e dos establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia, na provincia de Lugo.

Considerando que os orzamentos da Deputación Provincial de Lugo para o presente exercicio, recollen un incremento das dotacións orzamentarias dedicadas as políticas sociais e de promoción socioeconómica da provincia de Lugo, e por ende, dende o Benestar Social e Igualdade pretendese poñer en marcha diferentes proxectos, programas e actuacións, entre o que se atopa o programa de termalismo “LugoTermal”.

Considerando que a Lei 13/2008, do 3 de decembro, de servizos sociais de Galicia (LSSG), ten por obxecto estruturar e regular, como servizo público, os servizos sociais nesta Comunidade Autónoma de Galicia para a construción do sistema galego de benestar, entendendo por servizos sociais o conxunto coordinado de prestacións, programas e equipamentos destinados a garantir a igualdade de oportunidades no acceso á calidade de vida e á participación social de toda a poboación galega, mediante intervencións que permitan o logro de diversos obxectivos, entre os que se atopan: previr a aparición de calquera situación de dependencia, exclusión, desigualdade ou desprotección e promover e garantir o dereito universal da cidadanía galega ao acceso aos servizos sociais, garantindo a suficiencia orzamentaria que asegure a súa efectividade.

Ase mesmo, a citada LSSG establece que as competencias das deputacións provinciais, de conformidade co previsto na normativa de réxime local, proporcionarán asistencia económica, técnica e xurídica aos concellos na execución das seus competencias en materia de servizos sociais,

especialmente na prestación de servizos sociais comunitarios básicos por aqueles concellos con menos de vinte mil habitantes.

Considerando que a Xunta de Goberno da Deputación de Lugo, en sesión ordinaria celebrada o 24 de maio de 2019, aprobou, un ano mais, a programación dun programa preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal, potenciando o envellecemento activo a través do termalismo, denominado "LugoTermal". Este programa ten como obxectivo principal a mellora da calidade de vida das persoas participantes, cun carácter preventivo da dependencia e da promoción da autonomía persoal a través dos tratamentos/técnicas termais, estando dirixido a persoas que teñan 55 anos o mais e que se topen empadroadas nalgún concello da provincia de Lugo, podendo levar consigo unha persoa en calidade de acompañante, que non cumpra os requisitos sinalados.

Considerando que para a posta en marcha do Programa “LugoTermal”, foi necesario a contratación de servizos termais, tendo en conta a Lei 9/2017, de Contratos do Sector Público, en concreto o seu artigo 28, necesidade e idoneidade do contrato e eficiencia na contratación, no cal se sinala que os entes, organismos e entidades do sector público non poderán celebrar outros contratos que aqueles que sexan necesarios para o cumprimento e realización dos seus fins institucionais, sendo a prevención da dependencia e a promoción do envellecemento activo sen debida de interese xeral social para a provincia de Lugo.

Considerando que o 26.10.2018, mediante acordo da Xunta de Goberno da Deputación de Lugo adxudicouse na anualidade 2018 os servizos de termalismo derivados da execución do programa denominado LugoTermal, mediante un procedemento negociado sen publicidade, sendo adxudicatarios, previos trámites administrativos establecidos, o Balneario y Termas De Lugo, S.L., Balneario de Río Pambre, S.L. e Hotel Balneario Augas Santas, S.L. dos lotes 2, 3 e 4 respectivamente, resultando deserto o lote 1 do municipio de Guitiriz, onde conta como establecemento termal Gran Balneario De Aguas Minero Medicinales de Guitiriz, S.A., o cal a pesar de constar dado de alta no IAE no epígrafe 942.2 Balnearios e baños, non desenvolve actividade económica, ao estar pechado o establecemento.



Considerando que os contratos formalizados ao abeiro da amentada adxudicación están vixentes na actualidade, tendo unha duración máxima dun ano, desde o día seguinte a data da sinatura da acta de inicio da prestación do servizo (26.11.2018) ou, no seu defecto, desde o día seguinte a data de formalización do contrato en documento administrativo (26.11.2018), polo que, na actualidade constan en vigor os tres contratos administrativos de servizos de termalismo derivados da execución do programa LugoTermal 2018, cuxa vixencia será ata o 26.11.2019.

Considerando que o 25.09.2019, aprobouse por Resolución da Presidencia as prórrogas dos contratos relativas á contratación por lotes dos servizos de termalismo derivados da execución do programa denominado Lugo Termal 2018, a favor de Balneario y Termas de Lugo, SL (lote 2), Balneario Río Pambre SL (lote 3) e Hotel Balneario Augas Santas SL (lote 4). A prórroga terá unha duración dun ano, desde o 27 de novembro do 2019 ata o 26 de novembro do 2020, en termos de cómputo de data a data (ao establecerse por anos), mantendo inalteradas, durante a prórroga, as condicións e obrigas contractuais. O importe da prórroga ascende a 52.800,00€, aos que se engadirán 5.280,00€ (10%) en concepto de IVE, o que ascende a un total de 58.080,00€, de acordo co seguinte detalle por anualidades: anualidade 2019 (27/11/2019 a 31/12/2019): 22.264,00 € (IVE incluído), anualidade 2020 (1/01/2020 a 26/11/2020): 35.816,00 € (IVE incluído). Dita resolución foi trasladada a cada un dos establecementos termais na mesma data.

Considerando o establecido no programa de LugoTermal en relación a necesidade de realizar unha selección dos usuarios a través dunha convocatoria pública, estímase oportuno redactar para súa posterior aprobación, se procede, unhas bases que articulen o procedemento de acceso en concorrencia non competitiva, ao servizo de carácter temporal ofrecido pola Deputación de Lugo, tendo en conta a Lei 19/2013, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno.

As bases que se acompañan con esta proposta, foron informadas favorablemente pola sección de Benestar Social e Igualdade por parte do Servizo de Contratación e Fomento da Deputación de Lugo.

Tendo en conta todo o anteriormente exposto, propónse por parte deste deputado da Área de Promoción Económica e Social á Xunta de Goberno da Deputación de Lugo acordar, se procede:

1º.- Aprobación das bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal” e proceder a súa convocatoria.

2º.- Publicar as bases de selección das persoas usuarias do programa “Lugothermal” no BOP de Lugo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

11.- PROPOSTA PARA A TRAMITACIÓN DO PROCEDEMENTO PARA O ALLEAMENTO DE DIVERSAS CABEZAS DE GANDO DA GRANXA PROVINCIAL GAYOSO CASTRO.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda retirar do Orde do Día o presente asunto.

12.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE BOLSAS DE ESTUDOS PARA OS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO CURSO ACADÉMICO 2018/2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das Bolsas de Estudos para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao curso académico 2018-2019, de conformidade co artigo 56 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 53 do Acordo Marco Único de condicións de



traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; proponse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

13.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS PARA ADQUISICIÓN OU REHABILITACIÓN DE VIVENDA HABITUAL PARA EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO ANO 2018.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas para adquisición ou rehabilitación de vivenda habitual para os empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao ano 2018, de conformidade co artigo 58 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 55 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; proponse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

14.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES QUE REXERÁN A CONVOCATORIA PARA ADXUDICACIÓN DE AXUDAS DE GARDERÍAS PARA FILLOS/AS E ORFOS/AS DOS EMPREGADOS PÚBLICOS DESTA DEPUTACIÓN PROVINCIAL, CORRESPONDENTES AO PERÍODO COMPRENDIDO ENTRE O 1 DE SETEMBRO DO 2018 E O 31 DE AGOSTO DE 2019.

Logo de ver a proposta da Sra. Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo do seguinte teor:

“Examinadas as Bases polas que se rexerá a convocatoria para a adxudicación das axudas de Garderías para fillos/as e orfos/as dos empregados públicos da Deputación Provincial de Lugo, correspondentes ao período de 1 de setembro de 2018 ao 31 de agosto de 2019, de conformidade co artigo 59 do Convenio Colectivo Único de condicións de traballo do persoal laboral e o artigo 56 do Acordo Marco Único de condicións de traballo do persoal funcionario da entidade provincial, publicados, respectivamente, no Boletín Oficial da provincia en data 30 de agosto de 1990 e 31 de xaneiro do 1991; constatado que as ditas bases recollen os acordos adoptados, de xeito unánime, en materia de progresividade das axudas en función das retribucións ordinarias anuais dos empregados, coa representación dos órganos unitarios do persoal funcionario e laboral (Xunta de Persoal e Comité de Empresa) e das organizacións sindicais UGT, CCOO, CSI-F e CIG, na Comisión do Fondo Social, en reunión celebrada o 18 de setembro do 2015; proponse a aprobación das devanditas bases así como a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

15.- COMPARECENCIA NO RECURSO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO Nº 312/2019-F.



Logo de ver o escrito remitido polo Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, polo que se reclama a esta Entidade, entre outros, o expediente administrativo do recurso nº 312/2019-F, interposto por D. Luis Miguel Notario Iglesias, contra esta Entidade en materia de función pública; vista así mesmo a proposta da Asesoría Xurídica desta Deputación, a Xunta de Goberno por unanimidade dos asistentes acorda:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión do expediente ao Xulgado do Contencioso Administrativo nº 1 de Lugo, pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento de todos os que aparezan como interesados no procedemento, incluído a compañía aseguradora se fora preciso.

16.- COMPARECENCIA NO PROCEDEMENTO ORDINARIO Nº 505/2019.

Logo de ver a proposta emitida pola Asesoría Xurídica desta Deputación do seguinte teor:

“Visto o escrito remitido polo Xulgado do Social nº 2 de Lugo, relativo ó Procedemento Ordinario 505/2019 seguido a instancia de D^a Vanesa Mariño Arias e D^a Lidia González Abelleira fronte a esta Entidade e a Sociedade Urbanística Provincial de Lugo, S.A. en materia de recoñecemento de dereito; á Xunta de Goberno propónse a adopción dos seguintes acordos:

1º.- A comparecencia desta Entidade no recurso Contencioso Administrativo referenciado.

2º.- A remisión, no seu caso, do expediente administrativo pola Unidade Administrativa encargada da súa elaboración.

3º.- O emprazamento, de ser preciso, de todos os que aparezan como interesados no procedemento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

17.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan.

18.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores Deputados.

E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e trinta minutos do día de referencia, de todo o cal eu, a Secretaria, certifico.